BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

III LEXISLATURA

1990

Ano X **N.º 206** 7 de novembro de 1991

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

A. PROXECTOS DE LEI

-Proxecto de lei de protección de animais domésticos (n.º 5.773)

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

A. PROXECTOS DE LEI

PRESIDENCIA

Con data 15 de outubro de 1991 tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o Proxecto de lei de protección de animais domésticos (doc. núm. 5.773).

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 29 de outubro de 1991, ó abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (BOPG núm. 150), acordou a súa tramitación polo procedemento ordinario, pola Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo anterior, acordou a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara e a apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas, que remata o próximo día 25 de novembro de 1991.

O que se publica para xeral coñecemento e para os efectos citados, de conformidade co disposto nos artigos 65, 111 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Proxecto de lei de protección de animais domésticos

Exposición de motivos

A falta dunha lexislación actualizada e integradora sobre a protección e defensa dos animais que viven no contorno humano, que recolla os principios xerais de respecto, protección e defensa ós seres vivos que conviven ó noso redor, tal como figuran nos convenios e tratados internacionais e na normativa dos países socialmente máis avanzados, determina a oportunidade de aprobar unha lei no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que teña como obxectivo o seu amparo e salvagarda, adoptando unha postura activa ante conductas que comporten abuso dos animais.

É obxecto desta lei a protección dos animais domésticos e salvaxes que viven en catividade, baixo a posesión ou protección do home, recolléndose nela as atencións mínimas que deben recibi-los animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, así como a tenencia, a venda ou o mantemento destes, co fin de garantir uns mínimos de bo trato dos animais, regulándose co dito obxecto a inspección e vixilancia, as obrigas dos seus posuidores, os centros de recollida e albergues ou as instalacións para o seu mantemento temporal.

A presente lei fixa como principio fundamental de protección destes animais o de posesión ou tenencia responsable, de modo que os afectados asuman o coidado dos animais en tódolos aspectos contidos na presente lei como a contraprestación humana que se lles debe fronte ó afecto ou á utilidade que significa o animal para o seu compañeiro ou posuidor.

Excepcionalmente, permite esta lei a celebración dos espectáculos tradicionais nos que interveñan animais sempre que se veñan celebrando consuetudinariamente, baseándose na necesidade e no interese de pervivencia do patrimonio histórico-cultural dos costumes dos distintos lugares de Galicia.

Tamén recolle e incentiva a lei a necesaria participación da sociedade no seu conxunto a través da potenciación das asociacións de protección e defensa e da difusión dun espírito que contribúa ó fomento do respecto ós animais.

Título I
Disposicións xerais

Capítulo I
Ámbito e definicións da lei

Artigo 1. Ámbitos da lei.

A presente lei ten por obxecto establecer-las normas para a protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Quedan excluídos aqueles animais que son obxecto dunha regulacioón específica, como os de carga, os criados para a producción de carne ou pel, as especies protexidas ou as salvaxes.

Artigo 2. Definicións da lei.

Para os efectos desta lei enténdese por:

1.º Animais domésticos: os que se crían, reproducen e conviven co home e que non son susceptibles de ocupación.

2.º Animais salvaxes en catividade: os que sendo libres pola súa condición, foron obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.

Capítulo II
Das medidas de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade

Artigo 3. Dos establecementos.

Os albergues, clínicas, criadeiros, salóns de peiteado, establecementos de venda, de recollida e de experimentación e os dedicados á exhibición de animais salvaxes en catividade como zoolóxicos ou zoosafaris, sen prexuício do esixido nas demais disposicións que lles sexan aplicables, deberán cumpri-los seguintes requisitos:

a) Estar autorizados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

b) Leva-los libros-rexistro nos casos, nas condicións e co contido que regulamentariamente se estableza.

c) Dispoñer de boas condicións hixiénico-sanitarias e de locais adecuados ás condicións fisiolóxicas dos animais que alberguen.

ch) Adopta-las medidas necesarias para evita-los contaxios entre os animais que alberguen.

d) Dispoñer de servicios veterinarios suficientes e adecuados a cada establecemento.

e) Se é o caso, entrega-los animais coas debidas garantías sanitarias, libres de toda enfermidade, acreditándoo coa documentación que regulamentariamente se estableza.

Artigo 4. Do transporte dos animais domésticos e salvaxes en catividade.

O transporte dos animais domésticos e salvaxes en catividade deberá efectuarse en condicións aptas e idóneas, cumprindo a normativa hixiénico-sanitaria esixida pola normativa específica e aqueloutras que regulamentariamente se determinen.

Artigo 5. Dos espectáculos.

1. Prohíbese a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades se iso lles pode ocasionar danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural. Excepcionalmente, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autorizar espectáculos consuetudinarios nos que interveñan animais.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei a festa dos touros, os encerros e demais espectáculos taurinos.

3. Sen prexuício do disposto no punto 1, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autorizar, baixo o control da respectiva federación, a celebración de competicións de tiro de pombiño.

Artigo 6. Da experimentación.

1. Toda actividade experimental con animais, que poida causarlles dor, sufrimento, lesión ou morte, adecuarase á súa normativa específica e requirirá, se é o caso, autorización previa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2. Os animais destinados a experimentos serán obxecto da protección e coidados xerais previstos nesta lei.

3. Os experimentos deberán levarse a cabo baixo a dirección do persoal facultativo correspondente.

4. Os animais que, como resultado da experimentación, non poidan desenvolver unha vida normal serán sacrificados de forma rápida e indolora.

Artigo 7. Das obrigas dos posuidores.

1. Os posuidores dos animais teñen a obriga de tratalos humanitariamente e mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias, cumprindo o disposto nesta lei e as súas disposicións regulamentarias.

2. O posuidor será responsable de adopta-las medidas necesarias para impedir que os animais lixen as vías ou espacios públicos, causen molestias ós veciños ou poñan en perigo a quen conviva no seu contorno.

3. Os posuidores de cans deberanos censar no Concello do municipio onde habitualmente viva o animal, no prazo máximo de tres meses desde a data do seu

nacemento ou no de un mes desde que se adquiriu. O animal levará permanentemente a súa identificación censual.

O censo e a identificación censual do animal realizaranse de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

Capítulo III
Dos animais domésticos

Artigo 8. Consideracións xerais.

1. O posuidor dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado así como do cumprimento de tódalas obrigas contidas nesta lei.

2. Os órganos competentes da Administración autonómica desenvolverán programas de educación no coidado de animais e prestaranlles asesoramento ós particulares e ás entidades que o soliciten.

Artigo 9. Medidas sanitarias.

1. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, no ámbito das súas competencias, poderá ordena-la vacinación ou o tratamento obrigatorio dos animais domésticos.

2. Naqueles casos nos que, por razón de sanidade animal ou saúde pública, se esixa o sacrificio obrigatorio, efectuarase de forma rápida, indolora e nos locais aptos para ese fin.

3. Os concellos e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderán ordena-lo illamento e internamento dos animais domésticos en caso de que se lles diagnosticasen enfermidades transmisibles, co obxecto de os someter a tratamento curativo ou, cando si non for posible, proceder ó seu sacrificio.

Capítulo IV
Dos animais salvaxes en catividade

Artigo 10. Medidas xerais.

1. O posuidor dun animal salvaxe en catividade é responsable da súa protección e coidado, así como do cumprimento de tódalas obrigas contidas nesta lei.

2. A tenencia de animais salvaxes en catividade procedentes de importación, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, precisará informe previo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes relativo ás condicións hixiénico-sanitarias do animal.

3. Prohíbese a tenencia de animais salvaxes perigosos para o home fóra dos locais autorizados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes así como a súa libre circulación por lugares abertos ó público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.

4. Ós animais salvaxes en catividade seranlles aplicables as medidas sanitarias previstas no artigo 9 desta lei.

Capítulo V
Da recollida dos animais abandonados

Artigo 11. Da recollida.

1. Os concellos recollerán os animais abandonados e reteranos ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.

2. Enténdese por animal abandonado o que circula libremente aínda que estea provisto da correspondente identificación, sexa por placa ou tatuaxe, se no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por ninguén que acredite a súa relación posesoria.

3. Se o animal non está identificado reterase por un prazo de vinte días, transcorrido o cal os centros de recollida poderán darlle o destino más conveniente.

4. Se o animal está identificado avisarase ó propietario, quen dispoñerá dun prazo de dez días para recuperalo, unha vez aboados os gastos orixinados polo seu mantemento. Unha vez transcorrido este prazo, se o propietario non satisfixese o aboamento dos gastos, o centro de recollida procederá de acordo co disposto no punto anterior.

Artigo 12. Do servicio de recollida.

1. Para o cumprimento do disposto no artigo anterior as administracións locais poderán concertar convenios de cooperación ou colaboración coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras entidades autorizadas para ese fin.

2. Se o servicio non se encontra municipalizado e unha asociación de protección e defensa dos animais solicita a súa xestión, o Concello poderá concedelo por un prazo mínimo de tres anos prorrogables.

3. Sen prexuício do disposto nos demais preceptos desta lei que lles sexan aplicables, os estabecementos dedicados á recollida de animais abandonados deberán estar inscritos no rexistro creado para tal efecto pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

4. As normas mínimas de funcionamento dos servicios de recollida estableceranse regulamentariamente.

Título II
Das asociacións de protección e defensa dos animais

Artigo 13. Definición e condicións.

1. Para os efectos desta lei son asociacións de protección e defensa dos animais aquelas que se constitúen legalmente, sen fin de lucro, que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio no que viven, sendo consideradas de utilidade pública e benéfico-docentes.

2. As asociacións definidas no punto anterior inscribiranse nun rexistro creado para tal efecto pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e poderán ser declaradas por ela entidades colaboradoras cando reúnan os requisitos esixidos polas disposicións regulamentarias dictadas para tal obxecto.

3. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá establecer dentro dos seus presupostos programas de axuda ás asociacións que teñan a condición de entidades colaboradoras.

4. As asociacións teñen a obriga de denuncia-los feitos que consideren infracción, de acordo co previsto nesta lei.

Título III
Da administración de defensa dos animais

Artigo 14. Principio xeral.

Tódalas administracións públicas radicadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deberán cooperar no desenvolvemento das medidas de defensa dos animais e na denuncia ante os órganos competentes de calquera actuación contraria ó disposto nesta lei.

Artigo 15. Órganos da Comunidade.

O órgano da Comunidade Autónoma competente en materia de defensa dos animais de compañía e salvaxes en catividade será a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 16. Órganos das corporacións locais.

1. Compételle ó alcalde a superior responsabilidade na defensa dos animais no ámbito de cada municipio. As funcións obrigatorias que lles corresponden ós concellos son as establecidas na normativa de réxime local e as contidas con carácter xeral para tódalas administracións públicas na presente lei.

En particular, correspóndelles ós concellos:

a) A inspección, vixilancia e, se é o caso, denuncia do incumprimento da lei.

b) A recollida e o coidado dos animais abandonados no seu termo municipal.

c) Tramita-lo correspondente expediente sancionador.

ch) Colaborar coa Administración autonómica na elaboración do Rexistro de asociacións de protección de animais.

d) Elabora-lo censo previsto no artigo 7.3 desta lei.

2. As deputacións provinciais de Galicia colaborarán cos concellos para o cumprimento do establecido neste artigo.

Título V
Da inspección e vixilancia

Artigo 17. Da inspección e vixilancia.

1. A superior inspección para o mellor cumprimento do establecido na presente lei correspóndelle á Xunta de Galicia a través da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2. Sen prexuício do disposto no punto anterior, tódolos órganos da Administración da Comunidade que por razón das súas funcións teñan relación co contido da presente lei teñen a obriga de vixia-lo seu cumprimento.

3. Os facultativos, dependentes da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes rexistrarán tódalas actuacións en materia de policía sanitaria na área xeográfica da súa competencia.

4. Así mesmo, os veterinarios en exercicio, as clínicas e os hospitais veterinarios arquivarán as fichas

clínicas dos animais obxecto de vacinación, tratamento ou sacrificio obrigatorio, e poñeranas ó dispor da autoridade competente.

Título V
Das infraccións e sancións

Capítulo I
Das infraccións

Artigo 18.

1. Para os efectos da presente lei será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ó seu amparo.

2. A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuício da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.

3. No caso de celebración de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores senón tamén os donos dos locais ou terreos que os cedesen, a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 19.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 20. Infraccións leves.

Son infraccións leves:

a) O maltrato dos animais que non lles cause dor.

b) A venda, doación ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.

c) A doación de animais de compañía como premio ou a súa exhibición como reclamo publicitario.

ch) Non mante-lo anikmal en boas condicións hixiénico - sanitarias.

d) Mantelos en instalacións inadecuadas.

e) Non facilitárlle-la alimentación adecuada ás súas necesidades.

f) A utilización de animais en traballos que os inmobilicen, causándolles dor.

g) Exerce-la venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.

h) A carencia ou tenencia incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.

i) A posesión dun can non censado conforme ó previsto no artigo 7.3 desta lei.

l) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta lei ou nas súas normas de desenvolvemento e que non estea tipificada como infracción grave o moi grave.

Artigo 21. Infraccións graves.

1. Serán infraccións graves:

a) O maltrato dos animais que lles cause dor ou lesións.

b) mutilalos sen necesidade ou sen o adecuado control veterinario.

c) Abandonalos.

ch) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.

d) A venda de animais salvaxes en catividade fóra dos establecementos autorizados.

e) O incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos 3, 4 e 5 desta lei, salvo o disposto no artigo 22.1,b.

f) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a súa saúde, excepto cando sexa por prescrición facultativa.

g) A non vacinación ou o non tratamento obrigatorio dos animais.

h) A venda de animais enfermos, salvo que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.

i) A cría ou comercialización de animais sen cumpri-los requisitos correspondentes.

l) A tenencia de animais perigosos sen as medidas de protección que se fixen.

ll) O incumprir calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.

2. Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infracción leve, entendendo que existe esta cando se comete unha infracción leve do mesmo tipo cá que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta; requiririase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 22. Das infraccións moi graves.

1. Son infraccións moi graves:

a) O maltrato dos animais que lles cause a morte.

b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.

c) A venda de animais con enfermidade infecto - contaxiosa coñecida.

ch) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización.

d) a esterilización ou o sacrificio de animais sen control.

e) A reiteración en faltas graves.

2. Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave, entendendo que existe esta cando se comete unha infracción grave do mesmo tipo cá que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta; requiririase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Capítulo II
Das sancións

Artigo 23. Das sancións pecuniarias.

1. As infraccións indicadas no capítulo anterior serán sancionadas con multas de:

a) As leves, de 5.000 a 50.000 pesetas.

b) As graves, de 50.001 a 500.000 pesetas.

c) As moi graves, de 500.001 a 2.500.000 pesetas.

2. A imposición das sancións previstas corresponderalles a:

a) O delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para as infraccións leves.

b) O director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, para as infraccións graves.

c) O conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para as moi graves.

3. A incoación dos expedientes sancionadores, dos cales a tramitación se adecuará ó disposto na Lei de procedemento administrativo, corresponderalles ós delegados da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

4. Regulamentariamente determinaranse os supostos nos que a incoación e tramitación poida serlles encomendada ós concellos.

Artigo 24. Das sancións non pecuniarias.

Na resolución do expediente sancionador, ademais das multas a que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñe-las seguintes sancións:

1. O peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos regulados por esta lei.

2. A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves e moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas pola lei.

3. A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono para calquera tipo de infracción.

Artigo 25. Graduación das sancións.

A imposición das sancións prescritas pola lei moderarase conforme ós seguintes criterios:

1. A transcendencia social ou sanitaria e o prexuício causado pola infracción.

2. O ánimo de lucro ilícito e a contía do beneficio.

3. A importancia do dano causado ó animal.

Disposicións adicionais

Primeira.

A Administración autonómica deberá establece-los correspondentes programas para a divulgación do contido da presente lei no ámbito da Comunidade, así como adopta-las medidas necesarias que contribúan ó fomento do respecto ós animais, en colaboración coas asociacións de defensa dos animais.

Segunda.

Autorízase á Xunta de Galicia a redistribuí-las competencias conferidas ós órganos da Comunidade Autónoma pola presente lei entre outros xa existentes ou de nova creación.

Terceira.

Autorízase á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario da presente lei.

Cuarta.

A Administración autonómica dispoñerá as medidas oportunas para a creación dun órgano específico de asesoramento para o mellor cumprimento do preceptuado na presente lei, en especial no referente á vixilancia, inspección e sanción das infraccións tipificadas nela.

Quinta.

Autorízase ó Consello da Xunta para a actualización por decreto das sancións pecuniarias establecidas na presente lei.

Disposición transitoria

Única.

No prazo de un ano a partir da posta en vigor da lei, os establecementos regulados por ela deberán adopta-las medidas necesarias para se axustar ós seus preceptos.

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1991.

Asdo.: **Víctor Manuel Vázquez Portomeñe**
Conselleiro de Relacións Institucionais
e Portavoz do Goberno